

# PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA E ACLARACIONES DO PAGAMENTO DE TAXAS

Pode efectuar o pagamento das taxas de 2 xeitos diferentes:

## 1. Nas ENTIDADES BANCARIAS:

- Pode retirar o impreso “E” de liquidación de taxas na conserxería da escola ou [xerar un impreso estándar Modelo A1 nesta ligazón](#).

Encha os espazos destinados ós seus datos persoais cos seguintes códigos:

- ✓ **Consellería:** Cultura, Educación e Universidade **07**
- ✓ **Delegación:** Lugo **20**
- ✓ **Servizo:** Ensino Medio **03**
- ✓ **Taxa:** Escolas Oficiais de Idiomas: **350800**

- Marque o importe de matrícula que lle corresponde aboar dependendo do tipo de alumnado. Teña en conta que debe marcar correctamente este importe porque non se pode solicitar ningunha devolución de taxas debido a un erro do propio alumno/a. **As taxas aparecen ao final deste documento.**
- Efectúe o pagamento presencialmente nunha das entidades bancarias habilitadas para tal efecto

*(Abanca, Banco Etcheverría, Banco Gallego, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular, Banco Sabadell, Banco Caixa General de Depósitos, BBVA, Caixa Bank (La Caixa), Caixa Rural de Lugo, Caja España, Caja Duero, Caixa Rural Galega, Caixa Rural Zamora, IberCaja,)*

[Consulte neste enlace](#)

- Presente os dous resgardos que lle devolva o banco na secretaría da escola xunto co resto da documentación de matrícula. Fágao preferentemente online.

## 2. Por INTERNET (só con tarxeta)

- Acceda á [Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda](#) . Indique os seus datos persoais e os códigos de tramitación e dea a orde de pagamento. Comprobe ben o importe que debe aboar, pois non existe a posibilidade de devolución de taxas.

<ul style="list-style-type: none"><li>✓ <b>Consellería:</b> Cultura, Educación e Universidade <b>07</b></li><li>✓ <b>Delegación:</b> Lugo <b>20</b></li><li>✓ <b>Servizo:</b> Ensino Medio <b>03</b></li><li>✓ <b>Taxa:</b> Escolas Oficiais de Idiomas: <b>350800</b></li></ul>
--

- A aplicación xerarlle un xustificante de pagamento **modelo 730 e 731**, que deberá entregar na secretaría da escola xunto co resto da documentación de matrícula.



- No caso de que deba retomar a operación, a aplicación xerarlle un código de verificación CSV que envía ó seu correo-e. Debe acceder de novo á Oficina virtual tributaria → Servizos de acceso libre → Taxas, prezos, multas e sancións → Operacións realizadas.

**TAXAS ALUMNOS OFICIAIS 2022/23**  
 (Decreto 89/2013 do 13 de xuño, DOG 17/06/2013)  
**INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR A FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS**

**1. ALUMNO/AS NOVO/AS**  
 (se matriculan por primeira vez nunha escola oficial de idiomas)

**1.a. Matrícula ordinaria**

Apertura de expediente académico .....	22,00 €
Servizos xerais.....	13,00 €
Matrícula por idioma en réxime oficial .....	92,00 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>127,00 €</b>

**1.b. FUNCIONARIOS DOCENTES de ensino non universitario,  
 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade**

Certificación actualizada. A gratuidade pode aplicarse únicamente nas materias de nova matriculación  
 (Decreto 89/2013, do 13 de xuño. DOG 17/06/2013).

Apertura de expediente académico .....	22,00 €
Servizos xerais.....	13,00 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>35,00 €</b>

**1.c. Familia Numerosa de Categoría xeral**

Fotocopia compulsada do Libro de Familia Numerosa actualizada.  
 A compulsu pódese facer de xeito gratuito na Escola Oficial de Idiomas, presentando o orixinal xunto á fotocopia.

Apertura de expediente académico .....	11,00 €
Servizos xerais.....	6,50 €
Matrícula por idioma en réxime oficial .....	46,00 €
<b>TOTAL .....</b>	<b>63,50 €</b>

**1.d. FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA ESPECIAL, VÍTIMAS DE ACTOS  
 TERRORISTAS, VIOLENCIA DE XÉNERO E ALUMNADO CON DISCAPACIDADE (igual  
 ou superior ao 33%) non aboan nada**

En todos os casos deberase achegar documentación acreditativa.

## 2. ALUMNOS ANTIGOS

(alumnos que xa estiveron matriculados nesta ou noutra escola oficial de idiomas e/ou con traslado de expediente a esta) deberán aboar:

### 2.a Matrícula ordinaria

Matrícula por idioma en réxime oficial .....	92,00 €
Servizos xerais.....	13,00 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>105,00 €</b>

### 2.b. FUNCIONARIOS DOCENTES de ensino non universitario, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Certificación actualizada. A gratuidade pode aplicarse únicamente nas materias de nova matriculación (Decreto 89/2013, do 13 de xuño. DOG 17/06/2013).

Servizos xerais.....	13,00 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>13,00 €</b>

### 2.c. Familia Numerosa de Categoría Xeral

Fotocopia compulsada do Libro de Familia Numerosa actualizada.

**A compulsa pódese facer de xeito gratuito na Escola Oficial de Idiomas, presentando o orixinal xunto á fotocopia.**

Servizos xerais.....	6,50 €
Matrícula por idioma en réxime oficial .....	46,00 €
<b>TOTAL .....</b>	<b>52,50 €</b>

### 2.d. FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA ESPECIAL, VÍTIMAS DE ACTOS TERRORISTAS, VIOLENCIA DE XÉNERO E ALUMNADO CON DISCAPACIDADE (igual ou superior ao 33%) non aboan nada

En todos os casos deberase achegar documentación acreditativa.

Exemplo:

(\*) SE UN ALUMNO/A SE MATRICULA EN MÁIS DUN IDIOMA DEBERÁ MULTIPLICAR O IMPORTE DO APARTADO **Matrícula por idioma en réxime oficial** POLO NÚMERO DE IDIOMAS NOS QUE SE MATRICULA.

Exemplo: Se un alumno/a se matricula en dous idiomas deberá aboar:

Apertura de expediente.....	22,00 €
Servizos xerais.....	13,00 €
Matrícula por idioma en réxime oficial .. 92,00 x 2 ..	184,00 €
<b>Total.....</b>	<b>219,00 €</b>

**IMPORTANTE:** COMPROBE BEN OS IMPORTES QUE VAI INGRESAR ANTES DE FACER A AUTOLIQUIDACIÓN. NON SE ADMITIRÁN INGRESOS INCORRECTOS.

## **BOLSAS**

O alumnado que reciba axudas con cargo a fondos públicos para estas ensinanzas *non aboará os prezos públicos establecidos para a matrícula por primeira vez, nin pola apertura de expediente, nin por servizos xerais, **acreditando** esta circunstancia coa correspondente documentación xustificativa de ter solicitado a axuda ou bolsa.* Unha vez resolta a convocatoria de bolsas, o alumnado que resultara beneficiario deberá presentar a súa credencial como bolseiro na secretaría do centro onde se atope matriculado. En caso de non resultar beneficiario o alumnado deberá aboar os prezos correspondentes á matrícula, á apertura de expediente, se fose o caso e os servizos xerais, xunto cos **XUROS DE DEMORA** correspondentes, que efectuará nun único pagamento, no **PRAZO DUN MES** desde publicación ou notificación da resolución pola que se concedan e /ou denegan as bolsas. No caso de non efectuar o pago procederase á anulación da matrícula en todas as materias, e para todos os efectos.